



MANCOMUN.ORG CONSOLIDÁDASE COMO AXENTE CATALIZADOR DO SOFTWARE LIBRE EN GALIZA E NO ÁMBITO EUROPEO NO SEU SEGUNDO ANIVERSARIO

- **Mancomun.org participará no asesoramento á Comisión Europea para a posta en marcha do primeiro repositorio de Software Libre paneuropeo, o OSOR.**
- **O galego foi a primeira lingua do Estado e a novena a nivel mundial en dispoñer dun corrector gramatical para OpenOffice.org.**
- **Mancomun.org pon a disposición de PEME galega un DVD con ferramentas informáticas de Software Libre, gratuítas e integramente no noso idioma.**
- **O uso do Software Libre en Galiza duplicouse entre a pequena e mediana empresa e triplicouse no ámbito educativo.**
- **A comunidade tradutora de Software Libre ao galego reunírase nun evento sen precedentes para consensuar conxuntamente estratexias de tradución.**
- **Mañá sábado comezan en Santiago as xornadas "G11n: eu traduzo o teu software", que reunirán aos membros máis activos da comunidade tradutora de software libre ao galego.**

Santiago, 9 de maio de 2008.- Mancomun.org, a iniciativa da Consellaría de Innovación e Industria para a difusión do Software Libre (SwL) e dos estándares abertos, celebra o seu segundo aniversario superando con creces os logros acadados no seu primeiro ano de existencia. Coincidindo con esta data sinalada, Mancomun.org reunirá aos membros máis activos da comunidade tradutora de software libre ao galego no evento "G11n: eu traduzo o teu software" co propósito de xuntar esforzos e consensuar melloras no proceso.

O proxecto da Consellaría, promovido a través da súa Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, viu modificado este ano os seus ámbitos de actuación, cun incremento dos mesmos a raíz da creación a principios deste ano do novo Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza. Este centro terá como misión fornecer recursos e servizos que promovan a implantación do SwL co propósito de fomentar a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico de Galiza. A súa actividade, segundo esta idea, orientarase en sete liñas: tradución de software, dinamización das tecnoloxías abertas en contornos empresariais e universitarios, implantación de software libre, apoio á formación, difusión e actuacións de soporte técnico.

Con estes obxectivos de fondo, Mancomun.org conseguiu neste segundo ano de existencia duplicar a presenza do software libre no ámbito da PEME e triplicala no sector educativo, constatándose ademais un incremento no ámbito doméstico. Este incremento púxose de manifesto coa publicación no mes de abril dos informes sectoriais comparativos do uso do Software Libre en Galiza.



En total celebráronse ao longo deste ano máis de 160 eventos e xornadas de difusión relacionados co SwL en Galiza, chegando case a duplicar os que tiveron lugar durante o primeiro ano da iniciativa. Os participantes nestas actividades tomaron deste xeito conciencia dunha alternativa tecnolóxica máis innovadora, de menor custe e cunha maior capacidade de adaptación ás necesidades dos usuarios.

A proxección de Mancomun.org superou as fronteiras estatais e estará presente en diferentes programas europeos. Entre eles destacar o proxecto OSOR (Open Source Observatory and Repository) polo que se creará un repositorio paneuropeo de Software Libre con código fonte e documentación sobre o uso de aplicacións, licenzas... A iniciativa Mancomun.org foi escollida pola Unión Europea como a principal referencia do estado para conformar o grupo de expertos que asesorará á Comisión Europea na posta en marcha deste proxecto. Do mesmo xeito, tamén participará como socio no proxecto SEMIC, o Observatorio Europeo de Interoperabilidade Semántica, así como noutros programas europeos onde se requiren coñecementos e experiencia homologada en materia de Software Libre e estándares abertos.

Mancomun.org publicou máis de 1.200 novas no seu portal consolidándose como punto de encontro da comunidade de Software Libre en todo o estado cunha media de 6.800 visitas diarias e máis de dous millóns de visitantes ao longo do pasado ano. Ademais difundíronse máis de 5.000 copias de informes e publicacións en formato ODT e PDF. O repositorio de Software Libre de Galiza, a Forxa, ten un total de 97 proxectos rexistrados con máis de 170 usuarios activos. Estas cifras a converten na terceira forxa no estado en canto a número de proxectos (só por detrás de Redlris e da de LaFarga.net), a pesar de ser unha das de máis recente creación.

Asemade, cómpre sinalar o protagonismo que o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza adquiriu en numerosos convenios asinados ao longo do ano. Neste sentido, é destacable o acordo de colaboración para a creación de oficinas de software libre nas tres universidades galegas, as cales traballarán coordinadamente con Mancomun.org. Así mesmo, volveuse establecer a colaboración entre a DXPISI e a Consellaría de Educación para a formación de profesorado non universitario tanto en ferramentas ofimáticas libres como na tradución de software.

Promovendo o Software Libre entre a PEME

Se no seu primeiro ano Mancomun.org puxo a disposición de todos os galegos e galegas un computador completamente no noso idioma cun escritorio, programa de ofimática, navegador web e programa de mensaxería, neste período orientou os seus esforzos cara a PEME. Deste xeito, creouse e difundíuse o DVD “Ferramentas informáticas para a PEME”, un paquete con ferramentas informáticas de Software Libre, gratuítas e en galego, dirixidas a satisfacer as necesidades informáticas da actividade diaria empresarial.

Preto de 1.200 DVDs distribuíronse entre a PEME e as asociacións empresariais, cámaras de comercio e outros organismos intermedios. O paquete contén máis de 20



aplicacións divididas en tres categorías: “oficina”, “xestión” e “colaborativo”, podendo atoparse nel dende ferramentas de edición de gráficos (GIMP) ata ferramentas de xestión empresarial do tipo ERP (OpenBravo).

Mancomun.org aposta pola incorporación do galego á Sociedade da Información

A Iniciativa Galega polo Software Libre continúa apostando pola incorporación do noso idioma ás novas tecnoloxías como factor clave para facilitar o acceso á Sociedade da Información en condicións de igualdade e reducir, así, a fenda dixital.

Destaca o caso de éxito de Golfinho, o primeiro corrector gramatical deseñado no estado para OpenOffice.org e o noveno a nivel mundial. Esta ferramenta, xunto co xa existente corrector ortográfico, en continuo desenvolvemento grazas ao traballo colaborativo, proporciona unha corrección exacta e de calidade dos textos en galego.

Salientar tamén que máis de 88.000 persoas accederon, ben a través do portal de Mancomun.org ou ben dos CDs proporcionados pola DXPISI, á ferramenta ofimática OpenOffice.org. Este paquete de ofimática configúrase, así, como o programa máis popular das ferramentas traducidas baixo a coordinación de Mancomun.org. Pero existen moitos outros como poden ser Firefox, Thunderbird, Gimp... No seu conxunto houbo neste ano preto de cen mil descargas dende o portal, o que supuxo un consumo de ancho de banda superior aos 11.000 GB, que sería equivalente a máis de 2.340 DVDs descargados dende a Rede.

G11n: eu traduzo o teu software

Por outra banda, o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza organiza mañá día 10 e o domingo día 11 en Santiago de Compostela o evento "G11n: eu traduzo o teu software". Estas xornadas, enmarcadas dentro da campaña da Consellaría de Innovación e Industria para o día das Letras Galegas “Máis internet, máis galego, máis futuro”, reunirá aos membros máis activos da comunidade tradutora de software libre ao galego co fin de analizar as estratexias e as ferramentas empregadas.

A iniciativa do encontro xurdiu a raíz das ideas xeradas en torno aos obradoiros de tradución de Software Libre que tiveron lugar durante o Xuventude Galiza Net deste ano. Nestas sesións de traballo constatouse a necesidade de consensuar metodoloxías e estratexias conxuntas para a mellora do proceso de tradución. Baixo esta percepción, o evento orientarase á exposición e á análise das estratexias que se están a seguir actualmente na tradución de software libre ao galego, para posteriormente identificar as eivas que estas conlevan e atopar solucións conxuntas que permitan resolvelas. O encontro dividirase en dúas xornadas, a primeira delas aberta ao público e a segunda dedicada ao traballo interno da comunidade.

Para máis información sobre o evento “G11n: eu traduzo o teu software” acceda á seguinte ligazón: <http://wiki.mancomun.org/index.php/G11n>

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA